

# O CONTO DO OUTRO DÍA

Texto de ROBERTO ALIAGA

Ilustracións de NOEMÍ VILLAMUZA

Tradución de MANUELA RODRÍGUEZ

Encadernado en cartonné. 22 x 22 cm. 32 páx. 14 €.

**O conto do outro día** (galego)

ISBN 978-84-1343-022-5. Demademora

**El cuento del otro día** (castelán)

ISBN 978-84-1343-023-2. Obras de autor. Primeros lectores.

**El conte de l'altre dia** (català)

ISBN 978-84-16804-94-8. Obres d'autor. Primers lectors.

**Joan den eguneko ipuina** (euskara)

ISBN 978-84-9172-195-6. Autore liburuak. Lehen irakurleak.

–Papá, estás aí?

–Sí. Estou aquí, ao teu lado.

–É que case non te vexo.

–Porque apaguei a luz.

–E por que apagaches a luz?

–Porque é de noite e temos que durmir ...

«O conto do outro día» representa o amor incondicional aos fillos a través dun tenro diálogo -na escuridade do cuarto, pouco antes de durmir- do que se desprende a capacidade dos nenos para conseguir que a persoa adulta recupere, da súa etapa infantil pasada, a emoción e a fantasía perdidas. Moitas familias identificáranse con esta estampa nocturna, agardando a que os máis pequenos da casa queden vencidos polo sono.

Dende o punto de vista infantil destaca a busca da protección do adulto, que calma o medo á noite, ao silencio, á soidade e ao descoñecido; a presenza física e a voz enchen ese baleiro. Tamén se plasman os continuos “por que” das nenas e dos nenos que expliquen o mundo que os rodea, redundando na seguridade buscada y reforzándoa a través da repetición, que os afasta da incertidume e da desprotección fronte a unha contorna cambiante e insegura.

Pedirilles aos maiores que lles conten contos calma eses temores. A voz afectuosa que relata unha historia para durmir -endexamais é substituíble por un aparello electrónico- preséntase como un vínculo fundamental na relación materno/paterno-filial.

Nunha sorte de exercicio metaliterario, este pai cóntalle ao seu fillo un conto no que imaxina que ambos son animais: canguros, águias, esquíos... con Noemí Villamuza ilustrando fermosas escenas familiares de cores e trazos suaves. Saltan, comen, voan, báñanse, acariñanse, xogan ou desenvolven accións que entusiasman o cativo, con entrañables intervencións espontáneas nas que el puntualiza, suxire ou engade emoción a unha narración na que o pai se involucra cada vez máis. «O conto do outro día» non deixa de ser o mesmo conto de sempre, que calma e sanda; a chave de acceso a soños felices.



■ **Temática:** relación entre un pai e o seu fillo.

■ **Idade recomendada:** a partir de 3 anos.

■ **Aspectos destacables:** infancia, familia, afectos, emocións; noite, medos, seguridade; a hora do conto, lectura, contacontos, fantasía; animais; da ilustradora de «[¡A la luna, a las dos, y a las tres...!](#)» (XII Premio Internacional Orihuela de Poesía para Nenas e Nenos; Premio Cuatrogatos 2020, KALANDRAKA).

■ **Avance do libro:**

<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/o-conto-do-outro-dia-g>

## Roberto Aliaga

(Argamasilla de Alba, Cidade Real, 1976)

Licenciado en Bioloxía, desde 2009 dedícase en exclusiva á literatura infantil e xuvenil. É autor de máis de 60 libros traducidos a numerosas linguas. Tamén traballa na adaptación de obras estranxeiras, participa en cursos e congresos académicos sobre LIX, ademais de realizar visitas escolares e encontros en librerías e bibliotecas. Entre os premios recibidos resaltan: Barco de Vapor 2017, Lazarillo de Álbum Infantil Ilustrado 2008, Concurso de Narrativa Infantil Vila d'Ibi 2012; foi distinguido na lista The White Ravens 2009 da Biblioteca Internacional da Xuventude (Munich).

<http://roberto-aliaga.blogspot.com>

## Noemí Villamuza

(Palencia, 1971)

Estudou Belas Artes na Universidade de Salamanca. En 1998, recién afincada en Barcelona, publicou o seu primeiro libro. Dende entón suma uns 50 títulos editados en varios países, ademais de traballar tamén en obras para público adulto, novela gráfica, prensa e publicidade. Foi galardoada co Premio Junceda 2007 e finalista do Premio Nacional de Ilustración 2002.

<http://www.noemivillamuza.com>

